

AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Curso 2022-2023

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados
 - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2º Edición) Enlace
Mencións/Especialidades	I. Xeografía Física e Territorio II. Sociedade e Territorio. Enlace
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación titulación	2009. Decreto 385/2009 do 27 agosto (DOG 16/09/09) (1ª Edición).
	2ª Edición : Orden del 5/08/2019 (DOG do 14/08/2019) Enlace BOE: 8/07/2020 . Corrección de erros 02/10/2020
Data acreditación ex ante (verificación)	11/03/2015
Data última acreditación	05/06/2019

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos para valorar:

- O perfil formativo / egresados do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A titulación do grao de Xeografía e Ordenación do Territorio é titulación única no SUG e ofértase na Facultade de Xeografía e Historia da USC. A titulación implantouse no curso 2009/2010, e de acordo coas recomendacións do *Informe de avaliación do Plano de Viabilidade do Grao de Xeografía e co Plan de Viabilidade* levouse a cabo unha revisión do Título reforzando as súas fortalezas e paliando as súas debilidades para adaptalo o mellor posible ás necesidades da sociedade actual onde os coñecementos xeográficos son cada vez máis necesarios.

A 1ª Edición do Grao extinguiuse no curso 2021-2022. A partir do 2022-2023, e ata a súa extinción, o alumnado terá dereito a exame pero sen docencia.

A 2ª Edición do Título obtivo a acreditación o 5/8/2019 e comezou a súa implantación no curso 2019/2020, acadándose o proceso no 2022-2023 coa incorporación do 4º curso. Dende o curso 2015_2016 a oferta era de 55 prazas, pero co inicio da implantación da segunda edición a oferta reduciuse a 50.

A evolución da matrícula presente unha evolución positiva, pois dos 40 estudantes matriculados no curso académico 2019-2020 acadáronse os 102 no 2022-2023 (IN02G). A matrícula de acceso, pola contra, describe una traxectoria fluctuante cunha tendencia negativa a partir do curso 2021-22 (IN03G), ata acadar unha taxa de ocupación do 46% (IN12G) no curso 2022-2023.

En relación á nota media de acceso á titulación a liña de tendencia é positiva, cuns valores que oscilan entre o 7,2922 e o 7,8658 nos cursos 2020-21 e 2021-2022 respectivamente. De acordo co indicador IN06G no curso 2022-2023 foi de 7,8437, sendo lixeiramente superior a dos procedentes de probas PAU (7,79) que a dos que acceden dende a formación profesional (7,36).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos para valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na actualidade os módulos e as materias que se ofertan no título de Xeografía e Ordenación do Territorio (2ª Edición), tal e como figura na paxina Web do centro e na publicación do BOE, correspóndese na súa integridade cos que aparecían na Memoria de verificación do título así como cos aspectos recollidos en modificacións realizadas ao longo destes anos, para adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe dunha maneira máis axeitada, tanto as necesidades do alumnado como as dos docentes. (Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 385/2009 do 27 agosto (DOG 16/09/09) Data de publicación no BOE: 5 de marzo de 2010

➤ <https://boe.es/boe/dias/2010/03/05/pdfs/BOE-A-2010-3679.pdf>

Plano de estudos na USC:

➤ <https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio>

En relación coa captación, os e as estudantes prescritos en primeira opción e matriculados por primeira vez a porcentaxe ascende ao 72% (IN10G). O ámbito territorial de captación propio se circunscribe á Comunidade Autónoma, en consonancia con ser titulación única no Sistema Universitario de Galicia. Tan so o 0,98% proceden do resto do Estado, mentres que o estudantado do exterior acadou o 3,92% no curso 2022-2023, unha cota lixeiramente inferior ao do ano precedente (4,04%) de acordo con indicador IN08G, situándose en termos relativos en algo máis da metade do correspondente á USC en relación co alumnado procedente de programas de mobilidade (6,86%), segundo se desprende do indicador IN18G.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos para valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos e ás estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O labor de coordinación entre o profesorado e unha practica habitual que se incrementa co transcórrecer dos cursos académicos, pois é imprescindible nunha modalidade fundamentada nun ensino presencial baseado en competencias, o que obriga ao estudantado –ao igual que ao profesorado- a ter unha participación activa no proceso de aprendizaxe. A coordinación prodúcese tanto de forma, vertical, entre as materias do mesmo curso, como horizontal (entre os cursos) para evitar na medida do posible solapamentos, repeticións e ausencias que poidan afectar a consecución dos obxectivos fixados na memoria do Título. Tamén se procura realizar unha distribución óptima da carga de traballo intelectual autónomo do alumnado, para que poda desenvolver os roles e responsabilidades no espazo creado en Educación Superior.

- As **Programacións Docentes**, (<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio>) son revisadas polos correspondentes coordinadores de área antes da supervisión e emisión do informe favorable pola *Comisión de Garantía do Título*, requisito imprescindible para a súa tramitación e aprobación pola Xunta de Facultade.
- A programación das **Prácticas de Campo** realízase sempre tentando potenciar a coordinación entre as diferentes materias, sen por elo, deixar de incrementar o número de horas dedicadas ás mesmas, tendo en conta a súa importancia no marco dun ensino competencial (saber facer) cara a formación profesionalizante do alumnado. O proceso esixe o labor coordinada do profesorado favorecendo a interrelación entre as diferentes materias, favorecendo unha aprendizaxe máis aplicada e profesionalizadora e buscando rendibilizar os recursos económicos dispoñibles. Unha vez elaborada a programación se presenta para a súa aprobación pola Comisión de Garantía de Calidade do Título, sendo revisada en cada un dos cuatrimestres.

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

Curso	Alumnado	Itinerarios (2022-2023)
1º	53	Santiago - Mirador de Siradella - A Lanzada- Santiago
	52	Santiago - Monte Louro - Lagoa de Xarfas (Muros) - Boca do Río (Carnota) - Fervenza do río Xallas (Dumbria) - Santiago
	35	Santiago - Cedeira - Espasante - As Pontes - Santiago
	32	Santiago - Belesar - Santiago
	64	Santiago - Carril - Vilagarcía de Arousa - Monte Lobeira - Cambados - Santiago
	59	Santiago - Madrid - Santiago
	53	Santiago - Gándaras de Budiño - Monte Aloia - Visita AECT Río Minho -Visita Eurocidade Tomiño - Cerveira -- Muíños do Folón e do Picón - Santiago
2º	37	Santiago - Parque.Natural de Corrubedo - Santiago
	36	Santiago - parroquia de Santa María de Carboeiro (Silleda) - Santiago
	33	Santiago - Lira - Carnota - Santiago
	64	Santiago - Carril - Vilagarcía de Arousa - Monte Lobeira - Cambados - Santiago
	51	Comarca da Mariña Oriental. Concello de Ribadeo
3º	22	Santiago - Quiroga - Seoane do Courel - Santiago
	59	Santiago - Viana do Bolo - Vilanova - A Veiga - Ponte - A Gudiña - Vilardevós - Santiago
	59	Santiago - Madrid - Santiago
	34	Santiago - Parque Natural das Fragas - Santiago
	33	Santiago - San Román - Puerto Ancares - Balouta - Santiago
4º	35	Santiago -Villafraanca del Bierzo - río Órbigo - Serra de Ancares - Santiago
	35	Santiago de Compostela - Cedeira- Espasante- As Pontes- Santiago
	59	Santiago - Madrid - Santiago
	34	Santiago - Fragas do Eume - Santiago
	51	Santiago - Comarca da Mariña Oriental - Concello de Ribadeo
	42	Santiago - Ribadeo - Burela - Serra do Xistral - Santiago

- Os labores de coordinación tamén se fan mais eficaces coa activación de diferentes aulas coordinación existentes no Campus Virtual (<https://www.usc.gal/gl/campusvirtual>, <https://cv.usc.es/course/view.php?id=42531>)
- Outro aspecto que debemos salientar son as reunións levadas a cabo pola Comisión do Título ratificadas pola Comisión de Calidade do centro, na que figuran representantes do alumnado do título, nas que se debaten e aproban todas as cuestións relativas ao funcionamento, mellora e modificación que poda afectar a titulación (<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-xeografia-historia/Goberno%20e%20Xestion/Forms/AllItems.aspx?id=%2Fsites%2Fcentro%2Dxeografia%2Dhistoria%2FGoberno%20e%20Xestion%2FXunta%20de%20Facultade%2FComisi%C3%B3ns%20do%20%20Facultade%202024%2Epdf&parent=%2Fsites%2Fcentro%2Dxeografia%2Dhistoria%2FGoberno%20e%20Xestion%2FXunta%20de%20Facultade>),.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de

ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos para valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A titulación non conta cun perfil de acceso específico, se ben existe a recomendación de que o alumnado curse a modalidade de Ciencias Sociais no Bacharelato, en consonancia co a área de coñecemento que nos é propia (<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2a-ed>). Nela destacan unha serie de calidades coma a capacidade de observación, análise, interpretación e sínteses, o interese polas novas tecnoloxías, a sensibilidade social e ambiental ou o traballo en equipo. Aínda que non existen datos oficiais a través de enquisas coñécese que 72% do alumnado provén do Bacharelato de Humanidades e CC. Sociais, e un 28% do de Ciencias e Tecnoloxía. Pese a atoparse cunha elevada carga de formación técnica, ou ao esforzo de actualizar os coñecementos matemáticos, o alumnado matriculado amosa en xeral unha moi boa resposta en aos requirimentos da titulación.

Non obstante, podemos constatar que existe certo descoñecemento en relación coa realidade da titulación, e sobre todo a existencia de tópicos que nada teñen que ver coa realidade actual da disciplina. De aí o interese do todo o profesorado por participar no Programa A Ponte da USC (<https://www.usc.gal/es/servicios/area/gestion-servicios-academicos/acceso-universidad/programa-ponte>) e en dar conferencias nos centros de bacharelato para dar a coñecer a realidade do título, e mellorar os índices de captación de alumnado e diversificar as modalidades de procedencia.

Neste contexto tamén se inclúen as *Olimpiadas de Xeografía* (<https://www.geografos.org/olimpiadas-de-geografia/>), en relación co *Colexio de Xeógrafos* e a *Asociación Española de Geografía*; o *Seminario de Formación Permanente* co profesorado de secundaria e bacharelato; e as actividades de *GeoNight* e *Mapatón* destinadas á divulgación da Xeografía e os valores humanizadores da mesma.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos para valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao e mestrado (*máster*), prácticas externas, etc.) desenvólvense segundo o texto aprobado, tendo en conta as competencias adquiridas polo estudantado previamente e as logrará a medida que vaia cursando a titulación. Impacto delas nos resultados.

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a normativa da USC coma a correspondente á Facultade (TFG e PAE) tense adaptado paulatinamente para a súa mellora dende a implantación do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio (1ª e 2ª Edicións). O marco legal ao aplicarse e verificarse por parte da Comisión de Garantía do Título e a Comisión de Calidade da Facultade permite afirmar que non se detecta ningún impacto negativo nos resultados dos e das estudantes como consecuencia da súa aplicación. Todo o contrario, algunha das novidades introducidas resultan moi beneficiosas, como, por exemplo, a posibilidade de defensa dos TFG ante o titor ou titora (1 e 2), ou a garantía da oferta e asignación de destinos introducida na normativa das PAE (3)

1. https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/z_bB2YJINya3NHgFnZFpjfTWXcSgjq-iTEOUnj-g84Y/1635401101/public/paragraphs/moreinfo/2021-07/Modificaci%C3%B3ns%20Regulamentos%20TFG%20Xeograf%C3%ADa.pdf_asinado.pdf
2. <https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/FTDeTXZslphX2NmPcqND6gpObTYPL1HjGswuXyZGzjU/1635401124/public/paragraphs/moreinfo/2021-07/Regulamento%20de%20TFG%20de%20Xeograf%C3%ADa%20e%20Ordenaci%C3%B3n%20do%20Territorio.pdf>
3. <https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/yXvthmsHVX6J738DBZFNBOYxpaoT0ResBxVAzxnklo/1635401128/public/paragraphs/moreinfo/2020-10/regulamento-pae-20181.pdf>

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos para valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información do grao atópase dispoñible e accesible dende a Web da Universidade de Santiago de Compostela (<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos>) e dende a Web da propia Facultade de Xeografía e Historia (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia>).

A información detallada sobre a titulación de Xeografía e Ordenación do Territorio figura tamén na páxina do Centro: <https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2a-ed>, estruturada por Cursos e por Módulos, e con acceso aos programas das materias; equipo docente; admisión; recursos materiais; obxectivos e competencias; saídas profesionais; mobilidade e prácticas; e Información sobre o *Traballo Fin de Grao*. Como complemento tamén figura no apartado de *Información Académica* o relativo aos [calendarios](#), [horarios](#), [docentes encargados](#), [programas de mobilidade](#), [PAE](#) e [TFG](#)

Tamén dispónse de información dos programas deseñados para a captación de alumnado, como o programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*, (<https://www.usc.gal/es/servicios/area/gestion-servicios-academicos/acceso-universidad/programa-ponte>) ou do programa de charlas informativas impartidas por profesorado do título nos seus centros de ensino dos futuros posibles estudantes (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/xestion-servizos-academicos/acceso-universidade/programa-ponte/charlas-tematicas>). Así como nos recentemente implantados Encontros Virtuais na USC (<https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais>)

Toda a normativa atópase recollida e dispoñible na Web da Facultade, tanto a [xenérica da USC](#) coma os Regulamentos específicos de Traballos de Fin de Grao e Practicas Académicas Externas:

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

- Normativa PAE da Facultade de Xeografía e Historia:
<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/yXvthmsHVX6J738DBZFNBOryXpaoT0ResBxVAzxnklo/1635401128/public/paragraphs/moreinfo/2020-10/regulamento-pae-20181.pdf>
- Normativa TFG:
Grao en Xeografía:
<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/FTDeTXZsIphX2NmPcqND6gpQbTYPL1HjGswuXyZGzjU/1635401124/public/paragraphs/moreinfo/2021-07/Regulamento%20de%20TFG%20de%20Xeograf%C3%ADa%20e%20Ordenaci%C3%B3n%20do%20Territorio.pdf>

Modificacións aprobadas:

https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/z_bB2YJINya3NHgFnZFpjfTWXcSgjQiTEOUnj-g84Y/1635401101/public/paragraphs/moreinfo/2021-07/Modificaci%C3%B3ns%20Regulamentos%20TFG%20Xeograf%C3%ADa.pdf

Outra das formas de difusión é a que se fai no momento en que o estudantado de primeiro accede ás aulas. Así na primeira semana, os responsables Grao (Equipa decanal, Coordinadores de Grao e de Curso, dirección do Departamento, alumnado titor -de selo caso-, etc.) explícanlles os requisitos mínimos para a súa superación, as infraestruturas que poderán utilizar e o funcionamento do Centro.

Por último, é necesario deixar constancia que a Web do Centro da conta dos acordos adoptados pola [Xunta de Facultade](#), así como todo o correspondente ao Sistema de Garantía de Calidade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade>)

Podemos afirmar que nestes intres mantense un elevado nivel de información pública e unha política de transparencia en consonancia coas directrices da nosa Institución, grazas á mellora continuada dos sistema de información do Centro en xeral e da titulación en particular. Xunto coa dispoñibilidade do recollido na Web o alumando dispón do correo oficial da USC e da aula virtual para satisfacer toda demanda de información e orientación.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos para valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregarlos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio ten como marco de funcionamento o Sistema de Garantía de Calidade da USC iniciado no curso 2010-11. Co paso do tempo foi adaptándose ás necesidades e, sobre todo, simplificándose, o que facilita a súa implementación e seguimento (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/calidade>)

Por adscrición, o Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, achase sometido ao Sistema de Garantía da Calidade da Facultade de Xeografía e Historia, conformado por dous manuais:

- [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia](#)
- [Manual de Procesos e procedementos do Sistema de Garantía de Calidade](#), modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do Centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2019

que permiten recoller e analizar a información necesaria para identificar e detectar as fortalezas e debilidades da titulación, así como realizar accións de mellora e o seguimento dos diferentes procesos adoptados.

Nestes momentos queda pendente de realización o Plan Estratéxico, en espera do deseño do novo da USC, así como a Acreditación de calidade da Facultade, o que implicaría seguir avanzando no proceso ao tempo que se simplificaría, para acadar e garantir a calidade do propio centro e dos estudos que nel se imparten.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos para valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A valoración sobre a aplicación do SIGC é moi positiva xa que o sistema, como se ven de indicar, permite a detección de problemas, así como un seguimento real das diferentes medidas a adoptar para unha mellora efectiva do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio. As diferentes edicións da titulación, froito da revisión e da actualización, non deixan de ser o máis claro expoñente dos resultados do sistema.

A mencionadas melloras nas normativas dos TFG e PAE, ou a optimización dos horarios son froito do funcionamento dos Sistemas de Calidade da Facultade e da Titulación.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A cultura de calidade atopase presente no Centro no que se imparte o título de Xeografía e Ordenación do Territorio, así como nos diferentes centros relacionados coa a súa docencia. A composición dos distintos órganos do SGC da Facultade implica a todos os grupos de interese, e ocupase de identificar e as necesidades e expectativas de cada un deles, así como de poñer en marcha os procesos necesarios para dar resposta ás necesidades detectadas.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta cun nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Categoría	Profesorado	%
Investigador/a Distinguido/a	4	10,53
Posdoutoral USC	1	2,63
Posdoutoral Xunta	3	7,89
Predoutoral Ministerio	3	7,89
Predoutoral Xunta	1	2,63
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	2,63
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	5,26
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	6	15,79
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	2	5,26
Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	3	7,89
Profesor/a: Titular de Universidade	12	31,58
Total Xeral	38	100,00

O persoal docente no Grao en Xeografía afronta unha notable sobrecarga en número de créditos e de

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

materias a impartir, un problema case crónico na titulación. O profesorado encargado da titulación é de 38 membros, correspondendo o 78,95% ao Departamento de Xeografía e o 5,26%, 13,16% e 2,63% aos de Edafoloxía e Química Agrícola, Historia e Historia da Arte respectivamente.

Neste ano conséntase un descenso no porcentaxe de doutores con respecto ao ano precedente (84% e 95,45% respectivamente, ING24), como consecuencia da incorporación de contratados predoutorais.

Os recursos humanos seguen a ser un tanto precarios, xa que a carga docente segue a ser moi alta, pois tamén teñen encargo noutras titulacións: Historia, Historia da Arte, Paisaxe e diversos mestrados.

Pese a todo, o profesorado é capaz de levar a cabo con éxito a actividade docente na Titulación, como demostra a alta valoración por parte do estudiantado, e de manter a actividade investigadora (un 93.75 % ten recoñecido sexenios ING 24) pese á elevada carga académica. Igualmente mantense actualizado en metodoloxías docentes, participando tamén na formación ofertada polo Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos para valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio que participa no Título é suficiente para atender as necesidades do mesmo. Esta composto, tal e como figura na Web da Facultade, por doce membros entre os que recaen as funcións de apoio e de xestión administrativa do Centro (xestora de centro, 1; persoal de Decanato, 1; persoal RAE, 2; persoal de administración nos departamentos, 3; persoal de apoio, 5, complementándose cas 10 persoas que desenvolven a súa actividade laboral na Biblioteca da Facultade como persoal técnico e como auxiliar (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/directorio>).

Este persoal conta, ao igual que no caso do PDI, cun programa de formación propia (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/PAS>)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos para valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A docencia do Grao desenvólvese na Facultade de Xeografía e Historia, edificio que malia tratarse dunha construción histórica en fase de elaboración dun Plan Director, reúne as condicións adecuadas para a impartición do título. Esta condición de inmovible histórico patrimonial impón sen embargo serias limitacións nas posibles accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase a espera da súa rehabilitación e xestión integral.

O edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espazos as diferenzas de accesibilidade, aínda que débese deixar constancia que temos sectores destinados a despachos de profesorado con dificultades para o seu acceso.

O edificio dispón de 19 aulas e 8 seminarios (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/equipamentos>), dotados de equipos informáticos, canón de proxección, conexión a internet e conexión *wifi*. No contexto da situación por mor da pandemia, instaláronse ademais equipos de videoconferencia adaptados en boa parte das Aulas.

A estrutura do Grao en Xeografía conta con un Módulo específico de *Teoría, métodos e técnicas instrumentais* con 7 materias orientadas á formación inicial en técnicas instrumentais (manexo de equipos de campo, laboratorio...), de uso de software específico..., concentrado nos primeiros cursos para a súa aplicación nos Módulos seguintes. Para elo cóntase cun Laboratorio de Xeografía Física (compartido con Prehistoria e Arqueoloxía) dotado de equipamento necesario para a docencia e investigación: 2 estufas, forno mufla, balanzas analíticas, axitador rotativo, campá de gases (que polas características do edificio tivo que instalarse de filtro sen saída ao exterior), PH-metro, axitador "calefactable", destilador, xogos de peneiras, 5 lupas binoculares e material de vidro e plástico). Boa parte do equipamento sen embargo xa conta con cerca de 15 anos, sendo previsible a necesaria substitución de algún dos equipos.

Ademais das dúas aulas de informática, mellorouse a instalación eléctrica no resto das Aulas para favorecer o uso de equipos portátiles polo alumnado, pois a docencia precisa dun software específico necesario, especialmente nas materias de Sistemas de Información Xeográfica, que está a disposición do alumnado e do profesorado mediante o convenio *Site Campus* asinado pola USC coa empresa ESRI, ademais de contar co software libre (QGis, SAGA, R...)

A Facultade adquiriu recentemente un receptor GNSS RTK centimétrico STONEX S700A, suplindo a carencia existente neste aspecto formativo, e permitindo unha notable mellora na formación no Grao de Xeografía, así coma en todos os demais niveis formativos. Igualmente cóntase un "dron" con cámara multiespectral,

As Prácticas de Campo son unha parte importantísima da formación no Grao de Xeografía e O.T, pero as limitacións orzamentarias limitan a súa realización. Considérase moi necesario incrementar nos vindeiros anos a súa dotación orzamentaria, tendo en conta o incremento progresivo das mesmas na terceira edición a implantar.

No marco da renovación dos equipos capaces de traballar cos novos programas de información xeográfica e cartográfica, a Facultade adquiriu:

- a) 50 equipos Core i5 - 11600K 8 GB RAM, 500GB M.2 NVMe SSD, Fonte alimentación 80+ Bronze0+ Bronzellimentación 80+ Bronze.
- b) 56 monitores de 24" MONITOR DELL S2421HS. Seis máis que equipos ante a imposibilidade de impartir docencia cos anteriores e de levar adiante actividades interactivas polo alumnado.

Beneficiáronse especialmente desta renovación as materias:

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

GRAO	MATERIA
Grao Xeografía e Ordenación do Territorio	Fundamentos de Sistema de Información Xeográfica
	Tratamento da Información Xeográfica
	Fotointerpretación e Teledetección
	SIX para Xeografía Física
	Cartografía Básica
	SIX para Xeografía Humana e Rexional

No referente a recursos bibliográficos, a Biblioteca conta con 447 postos de lectura, con máis de 13.7000 monografías, revistas e outro material (microfilmes, audiovisual, mapas...). Cóntase ademais co acceso ás coleccións de recursos dixitais de revistas en liña, libros electrónicos (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria/biblioteca-xeografia-historia>)

Todos os servizos de orientación académica e profesional, así coma os de atención (documentación, cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes,..) tanto da USC coma na propia Facultade permiten ao alumnado orientarse en tódolos aspectos académicos. A participación da Coordinación de Grao e de Cursos tamén mantén unha boa comunicación neste senso.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todas as actividades, tanto as técnicas como as metodoloxías que se empregan na docencia do Grao Xeografía e Ordenación do Territorio así como os sistemas de avaliación, están vencelladas ás competencias que o alumnado debe obter en cada unha das materias da titulación e nos seus respectivos cursos. A información referida a estes aspectos aparecen recollida nas programacións das materias, nas que figuran os obxectivos, contidos, bibliografía, competencias, metodoloxía do ensino-aprendizaxe, sistema de avaliación, tempo de traballo e recomendacións pertinentes -de selo caso- para que o estudantado acadese un resultado satisfactorio, como se recolle no Plan de Estudos para cada unha das materias. <https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio-2a-ed> .

A organización en Módulos segue un criterio definido e ordenado, mantendo una secuenciación nos contidos e nas técnicas de análise. Así, o feito de que estas competencias estean encadeadas ao longo dos anos da formación, aparece reflectido no número TFG presentados (10 en 2022-23) que o alumnado defende en tempo e forma, acadándose unha porcentaxe significativa en relación cos matriculados no derradeiro ano <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/tfg/traballos-presentados> .

A Taxa de Rendemento, despois da contracción experimentada no curso 2021 no contexto de recuperación postpandémico (59,81%), mantén unha tendencia á alza, acadando o 75,88% no curso 2022-2023 (IN34G). Igual tendencia amosa a Taxa de Éxito, cun resultado moi significativo do 86,289% (IN35G), e a Taxa de Avaliación -relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados- co 86,28% no 2022-23 (IN36G).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos para valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso (taxa de graduación, INGI37G)), matíña polo xeral unha gran variabilidade entre os curso e situábase polo xeral por debaixo da media da USC. Lamentabelmente non temos a disposición os valores para deste período. Pola contra a Duración media dos Estudos -4 anos IN38G- é sempre inferior ás medias da Area de CC. Sociais e Xurídicas e do conxunto da USC. As Taxas de Abandono no primeiro curso foron sempre moi variables entre os cursos, e experimentan unha tendencia á alza (32.35% e 44,68 no 2021-2022 e 2022-2023 respectivamente, IN40G) como consecuencia da matriculación de alumnado con carácter provisorio en espera de poder acceder a outras titulacións con nota de corte elevada.

Si son altos, pola contra, as porcentaxes da Taxa de Éxito dos egresados, con valores sempre superiores ao 85% e acadando un 98,26% no 2022-2023 (IN50G) como consecuencia de poder ofrecer un ensino-aprendizaxe moi personalizado. A Taxa de Idoneidade foi do,20.59% (IN51G) e da Taxa de Eficiencia ou rendemento dos egresados, presenta sempre valores superiores ao 80%, acadando un máximo neste curso 2022-2023 co 97,92% (IN53G), en relación directa con los beneficios derivados de una educación personalizada, en particular co *feedback* e a comunicación, como manifestamos en liñas precedentes.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos para valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os indicadores de satisfacción do alumnado son, polo xeral, altos. Unha das vantaxes da titulación é a non masificación nas aulas, como se desprende dunha media existindo unha media de alumnos que se situaba en 16.9 no curso anterior a este informe (o indicador IN32G non figura este ano), o que estimula ao alumnado a crecer en confianza persoal, favorecendo a súa participación no proceso de ensino-aprendizaxe, e permite ao profesorado utilizar recursos metodolóxicos diversos, chegando incluso á adaptación de acordo coas capacidades. Por outra banda, se ben se comentou o alto grao de abandono, é igualmente certo que moitos dos alumnos e alumnas descubren unha titulación -pois para moitos é descoñecida- que supera as expectativas que tiñan no momento do ingreso, sobre todo no que atinxe á aplicación e a práctica.

O grao de satisfacción xeral coa titulación é coma noutros indicadores é moi variable, con cursos con notas por debaixo de 3 (2.7 en 2015-16, 2.41 en 2018-19) pero acadando unha puntuación de 3.32 no curso 2021-22 (IN42G). Lamentablemente nos temos a disposición o indicador correspondente a este ano. Este feito contrasta, sen embargo, coa alta satisfacción do alumnado coa docencia recibida, con notas sempre por riba do 4 (4,15 no curso 2022-2023, IN46G).

Non obstante, os valores que acabamos de ofrecer temos que tomalos con cautela, pois é moi preocupante a falta de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, pois descendeu desde o 55,56% no curso 2020-2021 en case o 50% con respecto ao que estamos a tratar (27,72%, IN48G). Un tema que foi obxecto de atención na Xunta de Facultade e que está a ser tratado polo equipo decanal do Centro cos representantes do estudantado. Unha desgana que tamén está a afectar en certa medida ao profesorado, sobre todo polo elevado número de materias encargadas, sen entrar no encargo lectivo en créditos, o que pode explicar a tendencia lixeira a baixa, situándose por debaixo do 4% (3,99 IN47G). O mesmo podemos dicir das valoracións que se corresponden cos programas de mobilidade, que, pese a que se manteñen por riba dos 3, experimentan unha caída dun punto con respecto ao penúltimo dato facilitado: 4,51% e 3,43% no 2020-2021 e 2022-2023 respectivamente (IN15G). Non existen indicadores respecto ás PAE, se ben, sendo optativas, teñen unha alta aceptación polos alumnado..

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos para valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O *Colegio de Geógrafos de España* ten elaborado varios informes sobre a situación laboral da profesión que inclúe os diferentes ámbitos laborais, a situación profesional así como os nichos de mercado emerxentes e en crise. O último destes informes, o de [2023](#) con 520 respostas, da conta para o conxunto de España dunha situación positiva sobre todo en ámbitos relacionados cos Sistemas de Información Xeográfica, Planificación

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

territorial e urbanísticas; desenvolvemento territorial, medio ambiente e sociedade do coñecemento, sendo as TIC e o medio ambiente as de maior participación co 54,9% e 43% respectivamente.

De acordo cos datos ofrecidos pola ACSUG o índice de inserción laboral e do 0,634 ocupando o posto 21, das trinta titulacións do campus de Santiago (Os datos correspondentes ao 2022 non foron incorporados <http://www.acsug.es/es/insercion/graduados>)

E segundo a Area de Calidade da USC un 84.5% dos egresados da cohorte de 2013-14 se atopaba traballando catro anos despois (Indicador I14). Segundo o Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2014-15 (EIL145 <http://www.acsug.es/gl/insercion/graduados/eil1415>) en 2021-22 o 100% de dita cohorte se atopaba traballando, cun tempo medio de atopar traballos relacionados coa Titulación de 5.5 meses

Pode ser interesante deixar constancia do artigo ***Esta es la inserción laboral de las carreras de Santiago: algunas llegan al cien por cien***, publicado nas Voz de Galicia o 20 de marzo de 2023: *En el ránking de empleabilidad se cuelan carreras de humanidades, ciencias sociales y de la salud* https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ciencia/2023/03/20/ocho-grados-campus-santiago-superan-90-insercion-laboral/0003_202303S20C1995.htm

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento / enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Enlace
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace PDF 1 (Comisión Académica e Validacións) e PDF 2 (Comisión Docencia e Calidade)
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace Web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501183_P.Ind_2022-2023
			2501183_INF.16_2022-2023
			2501183_INF.CiUG_2022-2023
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	2501183_I2_2022-2023
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501183_P.Ind_2022-2023
			5075_INF.03_2022-2023
2	E9		Enlace

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

		Páxina Web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Enlace
			Enlace
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Enlace
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Enlace
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Enlace
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501183_P.Ind_2022-2023
			2501183_INF.04_2022-2023
			5075_INF.05_2022-2023
			2501183_INF.06_2022-2023
			2501183_INF.07_2022-2023
			2501183_INF.08_2022-2023
			2501183_INF.09_2022-2023
			5075_INF.10_2022-2023
			5075_INF.11_2022-2023
			2501183_INF.13_2022-2023
			2501183_INF.14_2022-2023
			5075_INF.21_2022-2023
2501183_INF.22_2022-2023			

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

			2501183_INF.23_2022-2023
			2501183_Informe_de_indicadores_2022-2023
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501183_P.Ind_2022-2023
			2501183_Informe_de_indicadores_2022-2023
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	2501183_E15_2022-2023
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5075_E16_2022-2023
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2022-2023
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2022-2023
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501183_INF.13_2022-2023
			2501183_INF.14_2022-2023
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5075_I10_2022-2023
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Enlace
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Enlace
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, ao menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	PDF 3 (cualificacións) e 4 (resultados) Enlace
6	E25	Informes/listaxe das calcificacións de cada unha das materias do título	2501183_INF.15_2022-2023
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación (<i>sen datos</i>) - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501183_P.Ind_2022-2023
			2501183_INF.17_2022-2023
			2501183_INF.18_2022-2023
			2501183_INF.19_2022-2023
			2501183_INF_SIIU_2022-2023
			2501183_Informe_de_indicadores_2022-2023
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501183_P.Ind_2022-2023
			2501183_INF.CiUG_2022-2023
			2501183_Informe_de_indicadores_2022-2023
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501183_EIL-SIIU_2022-2023 2501183_EIL-ACSUG_2022-2023
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, ...)	2501183_P.Ind_2022-2023 2501183_Informe_de_indicadores_2022-2023 2501183_MedUSC_cursocelda
* Ver la información pública mínima que debe estar publicada na Web (atópase na Guía para o seguimento/acreditación , pax. 35).			